

Que é a xentrificación?

Alba Leiva: 11 de xullo de 2024 (Traducido)

A xentrificación é un proceso social e urbanístico polo cal a poboación con menos ingresos é desprazada da zona onde habita por outra de maior renda. Dáse principalmente en cidades e ocorre cando un barrio tradicionalmente pobre ou degradado se revaloriza. Isto aumenta o prezo da vivenda, expulsando á poboación que non se pode permitir esa subida e atraendo á que si pode. É un proceso típico de sociedades postindustriais que ten múltiples causas, desde a mellora da habitabilidade dun barrio ata o turismo. Os seus impactos inclúen a elitización dos centros urbanos e o aumento da desigualdade entre os seus habitantes.

As fases da xentrificación

A socióloga británica especializada en urbanismo Ruth Glas, acuñou o termo *gentrification* (*gentry* en inglés refírese á alta burguesía) en 1964, ao estudar a progresiva expulsión da poboación pobre nos barrios de Londres durante esas décadas. Por iso enténdese como un fenómeno propio das sociedades postindustriais ou posfordistas, é dicir, aquelas en que as cidades deixaron de ser centros industriais, deslocalizados cara a outros puntos do planeta, para centrarse no sector servizos. Aínda que ten distintas causas, a xentrificación divídese en varias fases, adaptables a distintos contextos.

A primeira é o nacemento dun núcleo urbano cunha poboación de renda baixa. Mentres a xente de rendas altas concéntrase na periferia das cidades, máis tranquilas e limpas, os traballadores de certas industrias ou servizos concéntranse nos barrios próximos aos seus lugares de traballo. Co tempo, a deslocalización, a transformación dos servizos ou o peche de negocios leva á degradación deses barrios, o cal constitúe a segunda fase. A terceira é a revalorización, que se pode dar por distintas causas, e que termina resultando na xentrificación. Os concellos poden optar por reparar e reacondicionar eses barrios, elevando o valor da vivenda. Ademais, o sector inmobiliario pode aproveitar para investir nesas vivenda barata para logo vendela máis cara. Tamén pode que xurdan novas industrias ou servizos que atraían traballadores de maior nivel adquisitivo. Exemplo diso son San Francisco e Silicon Valley, sedes de grandes empresas tecnolóxicas como Google, Meta ou Apple, onde a poboación de baixos ingresos foi desprazada a rexións máis afastadas ou, mesmo, fóra da rexión ou do estado de California. Outro fenómeno asociado á xentrificación é a turistificación. A vivenda de cidades como Barcelona ou Lisboa dedícase cada vez máis ó aluguer vacacional, que expulsa ós veciños dos centros de interese histórico ou cultural.

Un círculo vicioso

A xentrificación ten un gran impacto social, económico e político sobre a cidade e os seus habitantes. O principal é o deterioro da calidade de vida da poboación máis pobre, forzada a abandonar as súas zonas de residencia habituais por outras normalmente máis afastadas, deterioradas e con menos servizos. Isto aumenta os tempos de transporte e limita o acceso a oportunidades educativas e laborais, o que os condena a un maior empobrecemento. Así, xerase un círculo vicioso: canto máis empobrecida é unha poboación, menos pode permitirse a vivenda e máis se afasta dos centros de riqueza. A xentrificación, por tanto, contribúe a aumentar a desigualdade nas cidades.

O efecto complementario ao anterior é a elitización das urbes. As clases máis adiñeiradas son as que se poden permitir vivir nelas, polo que terminan transformando o modelo social. Se a xentrificación vai unida ao turismo, este cambio é aínda máis profundo, xa que os centros pasan a estar habitados por unha poboación esporádica e non local. Isto non só ten un efecto sobre a vivenda, senón tamén sobre os negocios e servizos dos que se provexan estes centros. Os negocios tradicionais como mercados, mercadorías ou tendas de barrio pasan a ser substituídos por tendas de agasallos (*souvenir*) ou restaurantes máis caros.

A xentrificación, por tanto, tamén ten efectos políticos, xa que as demandas dos ricos son distintas que as dos pobres. O cambio de prioridades pode contribuír a que a xentrificación non só non se solucione, senón que se termine favorecendo. Por todo isto, a principal solución fronte á xentrificación é a de facer máis accesible a vivenda nos centros que sofren esta tendencia. Unha forma é limitar os alugueiros turísticos e outra ampliar o parque de vivenda dispoñible, para equiparar oferta e demanda.

Le atentamente o texto e responde:

- 1- Que é a xentrificación?**
- 2- De onde deriva o seu nome?**
- 3- En que consisten cada unha das fases da xentrificación?**
- 4- Cales son as súas consecuencias?**
- 5- Por que se di que “a xentrificación contribúe a aumentar as desigualdades”?**
- 6- Que solucións propón o texto?**